



## **Teatro do Noroeste chega a estrea do seu novo espectáculo, 'Guerra', ao Teatro Principal de Compostela os días 17 e 18 de xaneiro**

**Ao máis puro estilo shakespeariano, Eduardo Alonso firma e dirixe unha traxedia aderezada de comedia e ironía para entreter concienciando**

**O espectáculo está protagonizado por Luma Gómez, Miguel Pernas, Manuela Varela, Maxo Barjas, Sabela Hermida e Xavier Estévez, con música de Bernardo Martínez, escenografía e vestuario de Carlos Alonso e produción de Eva Alonso**

**Compostela Cultura dedícalle un dos seus tres focos temáticos deste 2025 á lonxeva compañía galega Teatro do Noroeste, non só coa estrea de 'Guerra', senón tamén coa representación de 'Gloria Nacional' o sábado 24 de maio**

**As entradas para ambos espectáculos están xa dispoñibles en Compostela Cultura: <https://www.compostelacultura.gal/espectaculos/evento/guerra>**

**Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2024.-** Teatro do Noroeste desembarca coa estrea absoluta do seu novo espectáculo, *Guerra*, no Teatro Principal de Santiago de Compostela o venres 17 e o sábado 18 de xaneiro, ás 20.30h. A obra, escrita e dirixida por Eduardo Alonso, será a peza encargada de abrir a programación de artes escénicas de Compostela Cultura do primeiro semestre de 2025. Trala representación do sábado 18, o público poderá gozar cunha conversa postfunción co equipo artístico de Teatro do Noroeste.

Nun edificio teatral totalmente destruído por un bombardeo dunha guerra desatada no mesmo corazón de Europa comezan a aparecer as personaxes das obras do Teatro Universal que nel foran representadas ao longo do tempo, todas elas encarnadas en dous actores e catro actrices. Tal é a premisa de *Guerra*, onde as innumerables referencias ás guerras no teatro europeo, desde Shakespeare até Lorca, enchen a escena de evocadoras secuencias de caos e destrución. O espectáculo está protagonizado por Luma Gómez, Miguel Pernas, Manuela Varela, Maxo Barjas, Sabela Hermida e Xavier Estévez, con música de Bernardo Martínez, escenografía e vestuario de Carlos Alonso e produción de Eva Alonso.



## **FOCO TEATRO DO NOROESTE**

Compostela Cultura dedícalle un dos seus tres focos temáticos deste 2025 á lonxeva compañía galega Teatro do Noroeste, non só coa estrea de 'Guerra', senón tamén coa representación de 'Gloria Nacional' o sábado 24 de maio, tamén no Teatro Principal de Santiago de Compostela. As entradas para ambos espectáculos están xa dispoñibles en Compostela Cultura: <https://www.compostelacultura.gal/espectaculos/evento/guerra>.

## **SOBRE O ESPECTÁCULO**

*"A guerra é a expresión cruel do fracaso total, por iso nunha é unha solución, senón o máis grande dos erros".*

Ao máis puro estilo shakespeariano, *Guerra* é unha traxedia aderezada de comedia e ironía para dulcificar as arestas tráxicas. Teatro do Noroeste amosa unha realidade actual a través dunha alegoría eterna e substancial. En palabras do dramaturgo e director Eduardo Alonso:

*"Guerra é un espectáculo que trata sobre a guerra, sobre todas as guerras, as pasadas, as presentes e as futuras, as guerras das nacións e os pobos, as guerras das tribos e as guerras das persoas, dos seres humanos, as guerras exteriores pero tamén as internas. Mais a peza toma esta "guerra" de xeito teatral, como as guerras das obras de Shakespeare, ou de Bertolt Brecht, ou Lope de Vega, ou Calderón, ou as carlistas de Valle Inclán, ou as imaxinadas escenicamente por Lorca".*

E continúa: "o teatro debe tratar tamén os temas que atinxen á realidade e, nestes momentos, as guerras reais, crueis, ilóxicas e desoladoras sempre, nos rodean e mesmo se instalan no corazón de Europa. O ser humano ten que reflexionar sobre isto e o teatro é a mellor palestra para facelo. Desde logo que debe entreter, pero tamén concienciar, desde a maior humildade, pero, tamén, desde a ambición máis saudable. E iso é o que pretende esta obra: entreter concienciando".

## **SOBRE A COMPAÑÍA**

Teatro do Noroeste é unha compañía de teatro galega fundada en 1987. Na súa dilatada traxectoria de máis de 35 anos, ten producido e distribuído unha grande cantidade de espectáculos. Entre estas pezas se poden salientar desde textos clásicos, como *Rei Lear*, *Macbeth* ou *Noite de Reis*, de William Shakespeare, ou *As vodas de Fígaro*, de Caron de Beaumarchais; até textos máis contemporáneos, como *Os Xustos*, de Albert Camús; ou de autores galegos, como *Historias Peregrinas* e *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado, e *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro, ou o musical *Imperial: Café cantante. Vigo 1936*, de Eduardo Alonso, entre outros.



**CONTACTO DE PRENSA**

*The Office Comunicación*

Luisa Castiñeira

Tel. 620 113 155

Mail: [luisa@theofficeco.es](mailto:luisa@theofficeco.es)

**DESCARGA DO PRESS KIT DE 'GUERRA'**

<https://cutt.ly/Guerra-Teatro-do-Noroeste>

MÁIS INFORMACIÓN:

[www.teatrodonoroeste.com](http://www.teatrodonoroeste.com)

**VENDA DE ENTRADAS:**

<https://www.compostelacultura.gal/espectaculos/evento/guerra>